ORDENANZA FISCAL Nº 9

TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE REDE DE SUMIDOIROS E CONTROL E INSPECCIÓN DE SUMIDOIROS PRIVADOS

ARTIGO 5. Tarifas.

**1. Tramitación administrativa.**

1.1. Tramitación administrativa de alta na rede de sumidoiros.................... 31,1820 €

**2. Tarifa sumidoiros.**

2.1. Tarifa usos domésticos.

2.1.1. Cota trimestral de disponibilidade do servizo.................................... 4,7336 €

2.2.2. Consumos menores ou iguais a 25 m$^3$............................................ 0,1302 €/m$^3$

2.1.3. Consumos superiores a 25 m$^3$ ata 45 m$^3$....................................... 0,2367 €/m$^3$

2.1.4. Consumos superiores a 45 m$^3$ e ata 90 m$^3$ .................................... 0,3550 €/m$^3$

2.1.5. Consumos superiores a 90 m$^3$.........................................................0,5326 €/m$^3$

2.2. Tarifa usos industriais.

2.2.1. Cota trimestral de disponibilidade do servizo.................................... 7,1002 €

2.2.2. Consumos........................................................................................ 0,3550 €/m$^3$

2.3. Inspección de sumidoiros privados.

2.3.1. Cota trimestral de servizo.............................................................. 4,7336 €

2.4. Servizo de sumidoiros sen contador.

2.4.1. Mínimo 25 m$^3$............................................................................... 0,1302 €/m$^3$

3. As tarifas contidas no artigo 5.2.2.1.2. e 5.2.2.4.1. poderán ser minoradas na porcentaxe de rebaixa ofertada polo adxudicatario no procedemento de adxudicación do contrato de xestión do servizo público de subministro de auga potabel a domicilio á E.M.

**ARTIGO 9. Xestión, liquidación e recadación**

1. A xestión e recadación da presente taxa estará encomendada á empresa mixta que a tal efecto se constitúa.

2. A empresa mixta, rematado o primeiro trimestre do ano natural, e unha vez obtida a lectura dos contadores, elaborará un padrón ou listaxe cobratorio comprensiva das liquidacións por recibo referidos á prestación dos servizos de rede de sumidoiros e control e inspección de sumidoiros privados, segundo o modelo normalizado que estableza o Concello de Arteixo.

3. O referido padrón será aprobado, previa a fiscalización preceptiva da Intervención Municipal e exposición ao público por un período de 15 días, dentro do primeiro semestre de cada período impositivo. O prazo para formular o recurso de reposición será de un mes, contado desde o remate da exposición ao público, precisándose no acordo de aprobación, o prazo do período cobratorio, que nunca poderá ser inferior a dous meses, axustándose o mesmo ás instrucións que se dicten pola Tesourería Municipal.

4. O órgano competente para apremar as liquidacións e recibos non satisfeitos en período voluntario será a Tesourería municipal. Cando se produza o cobramento dos mesmos, os importes do principal e dos xuros de demora deberán reverter á E.M., sendo os recargos esixíbeis a prol do Concello de Arteixo.

5. Os recibos non cobrados devolveranse finalmente á E.M.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza que consta de 11 artigos, unha disposición transitoria e unha disposición final, derroga a ate agora vixente, aprobada polo Concello Pleno en sesión de 30 de xaneiro de 1997.

Foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2004.

Foi modificada posteriormente polo Concello Pleno en sesións celebradas os días 24 de novembro de 2005, 5 de novembro de 2007 e 4 de setembro de 2008.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesion celebrada o día 3 de setembro de 2009. Entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derrogación expresas.

Arteixo, 27 de outubro de 2009.

A Alcaldesa,

Por delegación, Decreto 2363/08

Asdo: Argimiro Rodríguez Torres

Concelleiro de Economía e Facenda.

2009/15769